

O Colexio da Asunción iniciou as actividades na vila de Sarria, no ano 1965. Dende entón, ininterrompidamente, presta servizo educativo ás familias desta localidade, polo que o centro xa forma parte da sociedade sarriá e da súa zona de influencia.

O noso Colexio é un centro privado concertado. As diferentes leis reguladoras do sistema educativo veñen garantindo un sistema de concertos que trata de compatibilizar que todos os cidadáns e cidadás do noso país poidan recibir un ensino obrigatorio gratuíto, e poidan elixir o centro educativo para os seus fillos e fillas sen que nesta decisión medien condicionantes de tipo económico. Os concertos educativos convértense así nun instrumento para o exercicio efectivo de dereitos constitucionais, no marco do pluralismo educativo.

O “CPR Ntra. Sra. de la Asunción”, segundo o seu Carácter Propio, é un centro católico, aberto a todos sen excepción e especialmente aos máis necesitados. A finalidade do Colexio da Asunción é a educación integral para formar homes e mulleres capaces de colaborar na consecución dunha sociedade máis xusta, tolerante e solidaria.

O centro tamén oferta servizos como garda, comedor ou actividades extraescolares, que axudan ás familias na conciliación familiar e laboral.

Por outra banda, tentamos potenciar a formación permanente do profesorado, ben con cursos a nivel interno (xestionados no propio centro ou a través da Institución), con outras entidades, e tamén en colaboración coa Administración Educativa.

Así mesmo, o centro participa en plans e proxectos pedagóxicos, a parte dos fixados por lei, que repercuten na formación do alumnado e entre os que cabe salientar:

- Participación no “Proxecto Abalar” da Consellería de Educación coa informatización integral das aulas de 1º e 2º da ESO.
- Ademais o centro tamén conta coa informatización parcial de outras aulas, e unha sala multimedia con 30 postos individuais.
- Centro autorizado con “Seccións Bilingües” en inglés na materia de Educación Plástica en Educación Primaria.
- Centro autorizado e que dispón dunha “Auxiliar de Conversa” en Inglés.
- Centro examinador do “Trinity” para a obtención de certificados nos distintos niveis de coñecemento en lingua inglesa.
- Promoción de programas e viaxes con inmersión lingüística, para a mellora das linguas estranxeiras (francés e inglés).

- Proxecto de Fomento do uso do galego a través do EDLG.
- Participación en concursos de diversa índole con clara proxección educativa, propostos por distintas entidades e administracións.
O noso centro ten gran tradición neste campo sendo valedor de numerosos premios.
- Organización e participación en diferentes exposicións, conferencias, videoconferencias, etc...
- Adscrición ao Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade Escolar da Consellería de Educación en colaboración co Ministerio do Interior.
- Inclusión na xestión informatizada de bibliotecas escolares a través do Programa Meiga.
- Participación no proxecto "Webs dinámicas" da Consellería de Educación e Cultura para a mellora e actualización da web do centro.
- Participación no programa de "Alerta Escolar" para a atención médica rápida e eficiente do alumnado con certas patoloxías crónicas.
- Inclusión no Rexistro Unificado de Maltrato Infantil para permitir unha pronta intervención nos casos de maltrato.
- Solicitud anual do Programa Escolas Viaxeiras.
- Solicitud anual do Programa Aulas da Natureza.
- Solicitud anual das Rutas Literarias.
- Participación no Proxecto "Voz Natura"
- Participación no Programa "Deporte Escolar".
- Participación no programa "Clases sen Fume"
- Participación no Programa de Prensa-Escola.
- Centro asociado ao Proxecto "Climántica".
- Organización de actividades de fomento da Cultura e Tradición de Galicia.
- Organización de saídas culturais que axuden a coñecer e comprender o noso entorno.

- Organización e participación en actividades que fomenten a solidariedade cos máis necesitados.
- Admisión de alumnado en prácticas para a obtención de grao en Maxisterio nas diferentes especialidades.
- Obtención de axudas para o alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), concedidas a través da Consellería de Educación.
- Dende fai 9 anos o centro está involucrado en sistemas de Calidade chegando a certificarse en ISO 9000 por AENOR. Na actualidade está nun proceso de mellora seguindo as pautas do modelo EFQM.